

## Defender a vida

**Isaac Lourido Hermida**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

LOURIDO HERMIDA, ISAAC (2011 [2008]). “Defender a vida”. *Grial*: 179, 115-116. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/98>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

LOURIDO HERMIDA, ISAAC (2008). “Defender a vida”. *Grial*: 179, 115-116.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## DEFENDER A VIDA

[RECENSIÓN DO LIBRO DE CARLOS PENELA *SOMBRAS, ROSAS, SOMBRAS*, 2008]

### Isaac Lourido Hermida

A cuarta entrega poética de Carlos Penela incorpórase á escena literaria galega pola mesma vía que todas as anteriores: a consecución dun premio. A posición periférica, foránea e discreta do autor, aparentemente allea en todo caso ás dinámicas, movementos e tensións colectivas ou editoriais, deu en atopar nos certames unha porta franca para a publicación da súa obra (*As linhagens do frío*, VI Premio Espiral Maior; *Acaso o inverno*, XIII Premio Lorenzo Baleirón; *O que ardeu nos espellos*, accésit do XXIV Premio Esquíu).

Probabelmente, calquera outro escritor cunha traxectoria laureada con tan distinguidos e variados galardóns, contaría co recoñecemento e a consagración outorgados por poetas e crítica. Tanto a particular posición do autor no sistema canto os trazos que demarcan a súa proposta poética evitan a seguridade desa circunstancia. A opción ortográfica reintegracionista, empregada con distinto criterio nos seus dous primeiros libros e unha das poucas penalizacións eliminatorias e silenciadoras que se seguen a aplicar na literatura galega, foi abandonada polo autor nas achegas máis recentes.

*Sombras, rosas, sombras* constitúe a cuarta estación deste percurso poético, consagrado á reescritura constante duns mesmos materiais e dunha mesma motivación temática, simbólica e teleolóxica. Sen renunciar a certo legado poético da modernidade, Penela reactiva para a linguaxe literaria galega os referentes da poesía centroeuropea *despois de Auschwitz*, caso de Ingeborg Bachmann, Paul Celan, Thomas Bernhard ou Nelly Sachs, nun circuíto transitado antes de forma singular por Lois Pereiro ou Chus Pato.

Comunicante e consecuente con esta disposición, o autor apontoa a construción dunha poética da desposesión, a perda e a carencia, vehiculada nunha engrenaxe metafórica e simbólica que conta cos motivos do frío, a ferida e o espello (o termóstato do tempo, da derrota, da negación) como melodía recorrente e constante até a inevitabilidade. Así di o poema intitulado “Capitulación”: “alguén tremeu co poema da verdade / alguén ensoñou as illas do sur / alguén resistiu a batida da usura / alguén intuía a sordidez dos seus días / alguén desandou os pasos de onte / alguén marchou entre ondas de frío / alguén negou o seu rostro no espello”.

Non é allea a esta xenealoxía enfrontar, con obstinación, certa incapacidade para o desenvolvemento dunha linguaxe poética á altura da encrucillada histórica, da [116]consciencia do real e da produción de (outras) formas de escritura que non só dean cabida a un diálogo cos discursos sociais da contemporaneidade, senón que, para alén, asuman a contradición (e a dor) de pescudar nas dimensións emocionais, identitarias e existenciais.

A decisiva relevancia do que se vén de sinalar, xunto coa pulcritude rítmica e estilística do poemario, a procura meditada e excepcional do requintamento lingüístico e a decisión

de facer aparecer no poema de forma explícita unha determinada bagaxe cultural que transita desde Arvo Pärt até Nick Cave, en ningún caso conducen a determinación xeral do libro cara a posicións autotélicas ou vaidosamente culturalistas. Ao contrario: permiten conectar a práctica de Penela coa desenvolvida por algúns dos poetas galegos da contemporaneidade menos afíns ese tipo de formulacións literarias, como Méndez Ferrín, Xosé María Álvarez Cáccamo ou Manuel Outeiriño.

É unha ligazón que se reforza mediante a reflexión sobre a materialización na lingua dunha identidade doente, sobre as formas de representación do comunal e o desencanto, en fin, de defender a vida: “Este idioma é unha casa irta como sombra, / os nomes do real, un anxo perdendo o seu rumbo; / iso é este idioma, a teaxe tremente dun sol branco, / dun sol de inverno, versos derrubados na elexía oitava / de Rilke ao fin, liñas que falan dun acabamento novo, / dun tempo novo”.

Toda a poética de Carlos Penela é o proceso dunha reconstrución, dunha reescritura, que anobelando e desanobelando a consciencia, a reflexión e os motivos da perda, abala entre a impotencia e a insubmisión. Devén imprescindible, entón, reparar e pescudar na dimensión ética da posición que se está a propor, do territorio e do hábitat demarcados en momentos puntuais con versos que, como os que rematan o libro, trazan a posibilidade da vida: “cruzaremos as grandes sombras do mundo / co sabor nas nosas bocas / dos días gañados á usura, ao frío; / cruzaremos un tempo de silencio, / terras de lonxe / con algo como lume, vivo / en nós / abríndose”.